

MANIFESTO DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA SOBRE A LINGUA

A interpretación dos soños

O galego é meu, o galego é noso, é de todos e todas. O galego é do que o fala, e é tamén do que aínda non o fala, ou do que xa non o fala... O galego é daquel que o ama e mesmo daquel que o odia, se é que hai algunha persoa que tal sinta polo seu patrimonio herdado... Porque, ao final, que é o galego?

O galego é o máis valioso dos nosos tesouros inmateriais, xunto coa música que tamén é outro tesouro. Realmente é difícil ver o valor de certas cousas até que sentimos a súa carencia, a súa falta, cando xa é tarde... Hoxe é tal vez tarde para recuperar a lagoa de Antela, a lagoa que hoxe a ninguén se lle ocorrería desprotexer, mais iso nos anos 50 non se viu. Hoxe é tarde para recuperar o que foi destruído, mais non é tarde para aprender deses erros e protexer o que nos resta.

A ninguén, no seu san xuízo, se lle ocorrería desprotexer a catedral de Santiago, e sen ir tan lonxe, a ninguén se lle ocorrería desprotexer a arte e arquitectura da cidade de pedra compostelá... Mesmo indo contra a suposta liberdade individual dos propietarios e propietarias dos inmóbeis da zona histórica, todos e todas concordamos en que hai que protexer o que é patrimonio común... E a lingua? Acaso a nosa lingua non merece o mesmo que as nosas pedras? Ela é patrimonio de todos e todas nós e non só... ela é tamén patrimonio de todo o estado, e da humanidade enteira... Entón, non merece o mesmo esforzo de protección?

Se a xente fose así preguntada non hai dúbida de que os resultados serían positivos, tanto na Galiza como no resto do estado; ninguén, agás algún trastornado, desexaría que o galego, a lingua de Rosalía, a lingua na que foran escritos os primeiros poemas na Península, dos primeiros tamén da Europa, morrese. Entón a que ven as preguntas do noso Goberno ás nais e pais de rapaces e raparigas en idade escolar? Alguén imaxina que preguntasen aos propietarios e propietarias das casas da zona monumental de Santiago se prefiren restaurar a súa casa, coidala e protexela para as xeracións futuras, ou derrubala? Protexer o patrimonio é responsabilidade de quen foi escollido para gobernar. Arriscámonos a que a sociedade galega, que sempre se soubo manter unida por encima das diferenzas, se fraccione, cun grande custe para a harmonía social dun pobo tan pacífico como é o pobo galego. Se se vai facer esa pregunta, que é tentar colocar a responsabilidade en quen non a ten, que polo menos se informe e se digan as consecuencias que iso vai ter para a lingua. Porque entón a xente tería información para saber o que implican unha e outra resposta... Se a pregunta fose: Quere que o seu fillo ou filla aprenda a ler e escribir en galego e así contribuír á conservación do noso patrimonio lingüístico? Mais, como xa se dixo, esa pregunta sería innecesaria porque a xente conscientemente non deixaría nunca que se danase o seu idioma.



O multilingüismo, mesmo que negativo cando se trata de diglosia e non do manexo da persoa en máis dunha lingua, pode ser beneficioso para as persoas. Numerosos estudos mostran como a xente que desde a infancia se manexou en dúas linguas ten máis facilidades para aprender unha terceira. Iso é algo que o estudantado galego comproba por exemplo ao estudaren inglés no estranxeiro con outros colegas do estado que son monolingües. Mais para que a xente aprenda a se manexar en dúas linguas elas teñen que existir, e tal e como vai a tendencia do uso do galego coa convivencia das políticas exercidas ao longo da historia, non tardará en se deixar de usar. Cando iso aconteza a perda vai ser para todos e todas, falemos ou non galego agora. Galego e castelán non están en igualdade de condicións, o galego non está no cine, a súa presenza é mínima nas TVs, non está na inmensa maioría dos xornais, nas radios, na xustiza... etc. etc. Entón que lle queda ao galego para se fortalecer? Porque el ten sido danado ao longo do tempo. O galego ten case só a escola, se aí se desprotexe, o galego vai sufrir aínda máis retroceso do que xa padece.

Estamos a tempo de tentar evitar danos a unha lingua que sempre foi de paz e de acollemento. De nada nos vai servir lamentarnos despois da nosa perda. E que imaxe vai ter de si un pobo que deixou apagar, que deixou morrer, o máis valioso do seu patrimonio inmaterial? Esta pregunta vale non só para o pobo galego, esta pregunta deberá ser feita tamén ao estado español no seu conxunto, e será tamén preguntada á unión europea, mesmo que as institucións europeas xa teñan asesorado sobre esa materia, recomendando a inmersión lingüística. Esa é tamén a pregunta que desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia nos facemos, e queremos transmitir á sociedade e ás institucións. Porque nós como profesionais sabemos da importancia da memoria e a identidade na vida das persoas e da comunidade. Non atopamos xustificación algunha en que as institucións gobernamentais se descarguen así da súa responsabilidade e carguen con ela aos que teñen fillos e fillas en idade escolar.

Desde este Colexio Profesional queremos tamén advertir da importancia que a integración do pasado ten para o benestar presente e futuro das persoas. Un pobo que, non por vontade, porque se algo demostrou o pobo galego foi aprecio e lealdade á súa lingua ao longo dos tempos, bos e malos, senón por desleixo dos seus gobernantes, perde a súa lingua é un pobo condenado a non saber quen é... E un pobo, ou unha persoa, que non sabe quen é, non pode contribuír con nada de orixinal ao destino da humanidade. Porque a universalidade do saber non vén da maior ou menor extensión dese coñecemento, senón da profundidade á que somos capaces de chegar co noso saber.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, coñecedores dos sentimentos de aprecio que a xente ten pola lingua, e non só no territorio galego, queremos facer un chamamento ás institucións responsábeis para tomar as axeitadas medidas protectoras para o tesouro máis valioso da nosa cultura inmaterial. Se iso non é feito as consecuencias van ser irreversíbeis para todos e todas nós, como o serían se hoxe se permitise que os propietarios das casas con valor histórico nas cidades as destrúisen, e nós non nos podemos permitir iso, pois non... E acaso podemos permitir que iso lle pase á lingua galega?

E como di a poeta e psicóloga Concha Rousia, “*Quando morre o último falante de una lingua morre un sonho da Humanidade*”. Porque as linguas son todas obras maravillosas da humanidade, dignas de seren protexidas, e a nosa non pode ser menos. Polo tanto de nós, dos nosos gobernos, depende pois que ese soño non esmoreza.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2009.